



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 5/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA UN DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a un de xuño de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Esta presente na sesión o Sr. Interventor D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 20/04/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Castenda Parada, que sinala que na acta aprecia os erros seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Folla nº17

Onde dí:

.../...

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que despois do que lles acaba de dicir a concelleira delegada cree que o que perseguen é que se poidan eliminar moitas destas señas de identidade como é o San Roque, homenaxe ao Soldado Lois, pídelles que recuperen a misa e a ofrenda relixiosa en Santa Cecilia, que o que corresponde nun acto como ese como fan en moitos concellos.

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que despois do que lles acaba de dicir a concelleira delegada cree que o que perseguen é que se poidan eliminar moitas destas señas de identidade como é o San Roque, homenaxe ao Soldado Lois. Dilles que vostedes en Santa Cecilia teñen parte e arte, recuperen a misa e a ofrenda relixiosa, que o que corresponde nun acto como ese como fan en moitos concellos.

.../...

Onde di:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se mencionou a súa pertenza a unha asociación, non ten o seu control, é un socio máis. O acto o desenvolve o organizador. Se queren desviar a atención con cousas que non veñen a conta.

.../...

Debe dicir:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se mencionou a súa pertenza a unha asociación, non ten o seu control, é un socio máis. Pregunta se a organiza o Concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que colabora o Concello cunha aportación económica importante.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o acto o desenvolve o organizador. Se queren desviar a atención con cousas que non veñen a conta.

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 20/04/2018, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coas abstencións da Sra. Castenda Raña e do Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

- No día de onte a través dunha comunicación electrónica chegou ao departamento de Tesourería unha notificación da dependencia rexional da Axencia Tributaria en relación ao ingreso da débeda executiva do Clube de Fútbol Mesón do Vento por un importe de 90.378,73 euros. O que se comunica é que se da un mes para que o Concello se faga cargo desta débeda e se adquira, a partir desa data procederase a súa enaxenación mediante poxa pública. A longo deste mes farán unha reunión cos veciños e socios deste clube de fútbol para ver como van a proceder e como colaborar dende o Concello. Irase informando ao respecto e poderán informar como se debe proceder.
- Onte houbo unha reunión na Dirección Xeral de Enerxía e Minas co Director e Subdirectora, á que asistiron os Alcaldes de Frades, Mesía e Ordes. Se nos fixo entrega da alegación, de data 16/03/2018, desta Dirección Xeral ao parque eólico Ardemil. No que afecta ao parque eólico Inxerio informouse que a día de hoxe a empresa non ten xustificada, nin presentada a liña de evacuación, mentres non se presente esta liña non vai a poder ter lugar a declaración de interese especial que outorga a prioridade de despacho. Non se contempla de inicio este proxecto no horizonte 20-20. Non sería un dos proxectos que tería que estar informado e executado para o 31/12/2019. Non era preceptivo pero van a incluír entre os informes o da Dirección Xeral de Gandería por que os tres concellos teñen moitas fincas incluídas en procesos de concentración parcelaria e dentro da política agraria común de subvencións e axudas da PAC. Os concellos van a persoarse como partes interesadas para ter acceso á información cada vez que a empresa se dirixa á administración autonómica e non o faga a través do concello. A petición de modificación do plan eólico é inviable neste momento porque unha modificación para sacar as áreas que abranguen os concellos implicaría unha parálise e unha inseguridade xurídica na tramitación dos parques eólicos que están en fase de instauración na comunidade autónoma. Esta parte non a van a admitir, respectan a autonomía local en canto as nosas peticións.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS CONCELLOS DE FRADES, MESIA, ORDES E OROSO SEN EÓLICOS.

Pola Sra. Soneira Liñares, 1ª Tenente de Alcalde, se procede a dar lectura á Declaración institucional que se transcribe a continuación:

“Nas pasadas semanas a Subdirección General de Evaluación Ambiental da Secretaría de Estado de Medio Ambiente tivo en período de consultas a avaliación do impacto ambiental de sendos proxectos de parques eólicos promovidos pola empresa Green Capital Power, S.L.; coñecidos como Ardemil (P-EOL 221) e A Pobra (P-EOL 224). Na actualidade xa se ten remitido copia por parte dos representantes en Galicia, tanto ao Concello de Ordes como ao Concello de Mesía, do desestimento das solicitudes presentadas para as referidas autorizacións administrativas dos dous parques eólicos mencionados.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Actualmente a mesma empresa, ten efectuada solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria de alomenos 2 novos parques na comarca, pois estanse a tramitar na Dirección Xeral de Enerxía e Minas expedientes de autorización administrativa previa a de construción de dous parques eólicos – os denominados Monte Inxerio (Ordes e Cerceda) e Gasalla (Frades e Mesía)- na Comarca de Ordes, promovidos por Green Capital Power ao amparo da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG nº 203 de 25 de outubro de 2017), sen que ata a data actual se teña enviado comunicado oficial a ningún dos Concellos afectados.

Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan, está a xerar un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños de estes concellos, con un territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal; o que conleva adoitar un criterio razoable de que nos atopamos en espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan apareladas.

Se atendemos as ubicacións e características dos elementos de cada un de estes parques eólicos, e analizando as ubicacións propostas pola promotora, resulta inadmisíbel e inaceptable a colocación de estes aeroxeradores, de un xeito significativo e relevante pola súa afección á poboación, dado que en concellos como os nosos, cuxos núcleos rurais de asentamento se encontran moi diseminados, ou inclusive coa existencia de vivendas illadas, a pretendida ubicación dos mesmos é moi próxima as vivendas, a pesar de tratar de xustificar os 500 metros que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar tanto ao oído humano como ao seu sistema nervioso, resultarán nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.

Estudios existentes, afirman que os campos electromagnéticos asociados a este tipo de parques afectan á saúde ambiental e a calidade de vida nun radio de 10 km, creando unha zona escura que afecta as transmisións, xerando interferencias e serios problemas nas comunicacións.

Ademais, non podemos obviar que a transformación da paisaxe resulta irreversible dada a oreografía do terreo do noso entorno, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais elementos do parque (edificacións auxiliares, viais internos, rede eléctrica, etc.). Igualmente a avifauna vese seriamente afectada, pola afección non so ao seu hábitat senón tamén as súas costumes, así coma as consecuencias negativas para o solo e a auga.

En canto as figuras de protección medioambiental, compre recordar que na nosa comarca se atopa: o espazo protexido LIC río Tambre así como espazos de Rede Natura; espazos naturais de interese local de acordo ao disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; parte do espazo se sitúa dentro da Reserva da Biosfera denominada “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; así como o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).

Para rematar, engadir que nos atopamos en unha comarca con un alto porcentaxe de terreos sometidos a procesos de concentración parcelaria, que no caso de Frades, Mesía e Oroso aproxima ao 100% do seu territorio, e en Ordes supera o 80%; e que no caso concreto dos dous parques mencionados afecta integramente a terreos con un alto potencial de aproveitamento do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

solo, ben sexa nas terras de labor desde o punto de vista agrícola e gandeiro, como nas terras a monte para un óptimo aproveitamento forestal.

Polo exposto, os concelleiros integrantes da Corporación Municipal de Ordes abaixo asinantes, ratifican a Declaración Institucional dos Concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso subscribindo os acordos seguintes:

1. Manifestar a súa repulsa á instalación dos Parques Eólicos do Monte Inxerio e Gasalla promovidos pola empresa Green Capital Power, S.L. ou a calquera outro que se pretenda instalar nos concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso, por considerar que afecta gravemente as propiedades dos veciños, á súa calidade de vida, á súa saúde, ao paisaxe, á avifauna, ou contravir as normas técnicas de planeamento urbanísticos e lexislación vixentes.
2. Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria que reforme o Plan eólico de Galicia e que declare aos Concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso, territorio libre de Parques Eólicos, e elimine a franxa eólica que abrangue a ditos concellos dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia”.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que agradece a sinceridade de que se informe de que un plan eólico non se pode modificar tan ás presas, ten uns prazos legais, por que facer este tipo de Declaración pode dar lugar a entender que se vai a modificar o plan cando non se pode. Vai a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o PSOE de Ordes ven de organizar un par de charlas sobre os parques eólicos, en Mesón do Vento sobre o parque eólico Ardemil e en Mercurín sobre o parque eólico Monte Inxerio. En coherencia coa liña destas charlas de informar o que é un parque eólico, as posibles repercusións, darlle a máxima información aos veciños para que estean ben informados e teñan a última palabra. A súa posición será a abstención.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a súa posición sempre estivo clara, así o manifestaron nos medios de comunicación, nas charlas informativas que deron en Vilamaior, Ardemil e Buscás que eran as parroquias máis afectadas polo parque eólico Ardemil. Teñen previsto ir ás parroquias de Mercurín e Lesta polo parque Monte Inxerio, teñen que ter en primeiro lugar o proxecto para poder informar correctamente á veciñanza. A súa posición é clara, Ordes non é un sitio onde se poida albergar un parque eólico. Temos unhas características de dispersión que non o permiten. Os veletos quedarían moi próximos ás vivendas e causarían un gran impacto á veciñanza, condearían ao noso medio rural á súa desaparición e abandono. Ordes é un concello non que o sector primario ten un peso importante que se vería afectado bastante. Na proximidade dos eólicos os animais reducen bastante a súa produción. Outros das consecuencias é o efecto discoteca de luz sombra que produce o sol ao atravesar as aspas dos aerogeneradores, interferencias nas telecomunicacións e demais. O BNG non está en contra das renovables, non deste xeito como se quere implantar neste concello. Hai que respectar unhas certas distancias. Galicia exporta máis enerxía eléctrica da que consume.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Noutros grandes centros de consumo, como Madrid, non se vai a atopar ningún centro de produción de enerxía, non ten unha central térmica, non ten unha central nuclear, central hidroeléctrica, eólico. Non ten nada, so chupa, consume o que producen os demais, perdéndose non transporte desta enerxía unha grande cantidade. O que habería que procurar é en primeiro lugar ordenar o territorio, determinar as zonas onde se poden instalar os parques eólicos, non vale calquera sitio, hai que regular as áreas onde non afecte, onde exista un menor impacto á poboación. Hai que pasar por unha repotenciación dos parques eólicos existentes en vez de crear uns novos. Van a seguir estando a carón da veciñanza nas súas reclamacións, como xa fixeron cando se quixo implantar un vertedoiro na Areosa. Se a Consellería non quere parar o parque eólico por que lle ve moito problema, cando foi do bipartito non viu ningún e había o mesmo problema coas empresas, igual o que hai que facer é mobilizarse e forzar que haxa esta parálise. Van a estar cos veciños para o que queiran facer con esta problemática que existe non noso concello.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a sumarse a este manifesto. Pensan que non se tratou ben este tema, ao principio tiñan moi pouca información sobre os proxectos de parque eólico. Están en contra deste tipo de parques, creen que non é beneficioso para o noso Concello. Van a asinar esta declaración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na Mancomunidade hai sete municipios, non todos estiveron de acordo en asinar o contido desta Declaración. Aquí somos dezasete concelleiros, diferentes grupos políticos. En lugar de levar a cabo unha ratificación, propón que se asine o mesmo texto polos grupos políticos, e non forzar unha votación na que non vai haber unha unanimidade e quede reflectida a abstención dalgún compañeiro. Todas as declaracións institucionais que viñeron a este pleno sempre se tomaron por unanimidade. Non é o caso hoxe despois de que tomase a palabra todo o mundo. Na Mancomunidade en lugar de acordar unha moción tamén se optou por unha declaración asinada exclusivamente polos alcaldes dos concellos que estaban de acordo co seu contido. Por iso pide que se respecte este criterio. Ao longo da semana que ven o representante de cada grupo ou os concelleiros non adscritos e el como alcalde asinarán este texto. Ten a posibilidade de retirar este punto da orde do día para que non figure ningún voto. Na Mancomunidade respectou o que fixeron os outros alcaldes, gustaríalle que aquí os concelleiros que non queiran sumarse teñan o seu dereito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o outro día o Sr. Alcalde na Xunta de Voceiros decidiu traer este punto. Non entende por que o quere retirar. Está claro que quen non asine esta Declaración vai a expor tamén a súa decisión. Este é un asunto no que hai que mollarse. Vostede é o Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o outro día o Presidente da Mancomunidade trasladou isto aos Alcaldes unha vez que se deu lectura á moción, houbo alcaldes que amosaron os seus argumentos pola abstención e non se viu lóxico por que tiñan que aparecer nun acordo dunha moción. Traslada aquí o mesmo. Xa dixo na Xunta de Voceiros que lle gustaría que fose por unanimidade.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que el e os concelleiros Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Raña van a apoiar esta Declaración.

Polo Sr. Alcalde, non sendo posible a adopción dun acordo por unanimidade, retírase este punto da orde do día.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2018.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2.018 polo Sr. Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos o informe emitido pola Intervención en sentido favorable e o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Os orzamentos municipais que se presentan para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2018 preséntanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 10.101.183,08 € tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos vixentes no pasado exercicio o incremento é dun 11,02%. Para a súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico que acompaña ao expediente explícase dun xeito claro de onde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingreso cómpre sinalar. No caso dos ingresos correntes, unha maior expectativa dos impostos directos e indirectos, sobre todo debido ao proceso de regularización catastral, de xeito que os inmobles que non estaban dados de alta pasen a tributar como os demais. Tamén agárdase un incremento derivado do procedemento de alta dunha parte da central térmica que se sitúa en terreos do Concello e que por fin conseguiuse que fose así recoñecido. Unha estimación prudente da Participación nos Tributos do Estado, toda vez que a Lei de orzamentos xerais do Estado para este exercicio aínda está a tramitarse. No caso dos ingresos de capital polo coñecemento xa dos POS + 2018, así como polos convenios que se agardan asinar coa Comunidade Autónoma e as distintas subvencións solicitadas. Neste exercicio concertarase un préstamo pola parte do POS + 2018 financiada con préstamo provincial, por importe de 389.045,90 €, o cal dedicarase por unha parte a amortización de débeda 165.000,00 € e o resto a investimentos financeiramente sostibles, en concreto ao proxecto: Pista dende Igrexa a estrada Ponte Carreira (DP-3802) Pereira e outros, tal e como foi aprobado polo Pleno Corporativo. Unha vez coñecidos os ingresos procedeuse a levar a cabo o cálculo dos créditos dispoñibles, debendo sinalarse que toda vez que o límite de gasto ven determinado non só polos ingresos senón, a maiores, polo cumprimento da regra de gasto. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal en función dunha previsión de incremento do 1,5% até xuño e do 1,75% a partires de xuño nestes, tal e como se prevé no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018, calculándose, así mesmo, as antigüidades do persoal neste exercicio. A maiores dotouse orzamentariamente unha praza de policía local xa existente na RPT, de xeito que agárdase poder sacar dúas, esta máis a resultante da xubilación dun policía o ano anterior. O cálculo polo miúdo recóllese no anexo de persoal correspondente. Respecto aos gastos correntes en bens e servizos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

recóllense os créditos necesarios para os contratos que ten vixentes o Concello, así como os previstos no exercicio, no que tentárase poñer fin á situación de prórroga tácita dos contratos xa vencidos. De feito os contratos de limpeza xa están regularizados e estase a poñer ao día o Concello no procedemento de licitación electrónica como resultado da nova Lei de Contratos. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil, segundo contrato asinado no seu momento, e á Mancomunidade, a cal incrementábase considerablemente polo incremento nas horas do servizo de axuda no fogar, basicamente. Así mesmo recóllense as subvencións nominativas que figuran nas bases de execución, as becas para material escolar e segue a dotarse unha aplicación para poder subvencionar a deportistas destacados do Concello. Por suposto, e como non pode ser doutro xeito debido á imposición do artigo 135 da Constitución, dotáronse os créditos necesarios para atender as obrigas de natureza financeira. A maiores neste apartado dotouse crédito para poder levar a cabo, en función das necesidades de tesourería, amortizacións anticipadas de débeda por un importe de até 398.691,44 €. O Concello achega un total de case que 680.000,00 € de fondos propios para o financiamento de investimentos, os cales detalláanse no anexo correspondente. En total os investimentos previstos ascenden á contía de 2.704.695,57 €, o que significa o 26,78% do total dos orzamentos. Os orzamentos caracterízanse polo mantemento dos servizos esenciais, con especial dedicación aos colectivos máis desfavorecidos, sendo as liñas fundamentais dos mesmos o saneamento das contas municipais, mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Incrementábase as partidas destinadas a políticas sociais, entendendo estas como a suma das dedicadas a gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. As actuacións de protección e promoción social (servizos sociais, incluíndo a achega á mancomunidade, e fomento do emprego, basicamente) incrementábase nun 6,58%. De feito a achega á Mancomunidade ven incrementándose cada ano de xeito que desde o 2015 aumentou nun 77,20%, e no caso da área de gasto 2 sumada á Mancomunidade incrementouse nun 20,83%. A produción de bens públicos de carácter preferente, educación, cultura e deporte, incrementan os seus créditos nun 15,81%. Comparando co exercicio 2015 incrementouse nun 28,36%. Incrementábase, así mesmo, nun 10,83% as actuacións de carácter económico. Contense o gasto nas actuacións de carácter xeral, de xeito que sen ter en conta a transferencia á Mancomunidade (que son servizos sociais), estes diminúen nun 0,36%. Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación cumpren co disposto na Lei orgánica de estabilidade financeira, é dicir: Presentan capacidade de financiamento (estimada en 1.040.770,73 €). Cumpren co límite de débeda. Respecto ao procedemento de aprobación é o seguinte: A aprobación inicial polo Pleno Corporativo non require un quórum especial, polo que será suficiente a aprobación por maioría simple dos membros presentes, artigos 22.2, letra e), e 47.1 da LBRL. Unha vez aprobados os orzamentos expóranse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. A aprobación definitiva poderá producirse ben por non terse presentado reclamación algunha durante o prazo citado, ben por resolución das mesmas polo Pleno Corporativo, para o que dispón do prazo dun mes. A dita aprobación definitiva deberá realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse. Non obstante, se ao iniciarse o exercicio económico non tivesen entrado en vigor os orzamentos correspondentes, consideraranse automaticamente prorrogados os do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen consonte ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 do TRLRFL e até a entrada en vigor dos novos orzamentos, non afectando a prórroga aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

crédito ou outros ingresos específicos ou afectados. Os orzamentos xerais definitivamente aprobados serán inseridos no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos que o integran, no da Provincia. Así mesmo remitirase copia á Administración do Estado e a da CC.AA., a cal realizarase simultaneamente ao envío ao BOP: Os orzamentos entrarán en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicados na forma prevista nos artigos 169.3 do TRLRFL e 20.3 do Real decreto 500/1990.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que xunto cos concelleiros Sr. Gómez Candal e Sr. Vázquez Raña presentaron unha proposta de sete puntos para a aprobación dos orzamentos, que ven que están contemplados. Van a votar a favor por que os investimentos reais son o corenta por cento máis que o ano pasado, os gastos en bens correntes e servizos son un dous por cento máis que o ano pasado, isto supón sete millóns de euros sobre un orzamento de once millóns de euros. Na segunda quenda de intervencións explicarán a súa proposta.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que estamos a un de xuño aprobando uns orzamentos que é mellor que veñan tarde que que non veñan, pero é exclusiva responsabilidade do equipo de goberno que Ordes estea cos orzamentos sen aprobar cando xa transcorreu a metade do ano. Hai que dicir a verdade, se vostedes fixesen ben as cousas poderían ter aprobado este documento xa o un de xaneiro. A pesar do pouco tempo que se lle deu á oposición para aportar propostas, non houbo nin un acercamento nin reunión para tratar de consensuar os orzamentos, que considera é un dos documentos máis importantes a aprobar nun concello. Non cree equivocarse se di que se tratan de aprobar sen ter en conta un dos temas máis importantes e no que leva insistindo dende fai meses que trata sobre o estado do alumeadado público. Estes orzamentos non contemplan a inversión necesaria para a realidade que reflectiu o informe sobre o alumeadado. Despois de estudar o mesmo cos enxeñeiros técnicos, a conclusión principal ven a ser a seguinte. O concello de Ordes conta con 4.331 puntos de luz dos cales máis do cincuenta e cinco por cento están enganchados directamente á rede distribuidora, sen ningún tipo de seguridade e sen cadro eléctrico de alumeadado. 2.498 luminarias que corresponden a 357 kw de potencia instalada de xeito irregular. Isto quere dicir que o concello mantén un alto consumo eléctrico polo que non paga e que nos orzamentos nin sequera semella que se vaia a arranxar o problema de seguridade real para a veciñanza. Outro dato importante que o Alcalde cala é que neste ano é o último ano no que se poden usar as luminarias de vapor de mercurio, o noso concello conta con 3.100 luminarias. Se o corenta e cinco por cento dos cadros de mando se encontran nun estado xeral de conservación malo e que máis do cincuenta e cinco por cento están enganchadas directamente e que 3.100 luminarias deben estar fora de funcionamento este mesmo ano é inadmisíbel que non se reflecta nos orzamentos a partida real necesaria para arranxar xa este problema que intenta ocultar dende que é coñecedor da situación. Encargou un informe cun resume de medidas de aforro que parece que é o único que lle importa. Non lle importa cumprir coa seguridade, coa distribuidora, nada que non sexa a redución do gasto eléctrico. A necesidade real que amosa a auditoría é a urxente necesidade de inversión en seguridade e posta ao día dun alumeadado con máis de trinta anos de funcionamento sen ningún tipo de revisións á vista. Pretende que nos quedemos co dato da auditoría de acometer unha inversión de 650.000 euros para aforrar. Hai que acometer unha reforma integral



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

da totalidade do alumeadado público, incluíndo a regularización da situación das luminarias que están en directo. Hai que falar dun acordo plenario que ela impulsou e o Alcalde votou a favor que era elaborar un plan integral sobre o saneamento e abastecemento e non facer por cachos como se leva anos sen ter un documento que verdadeiramente indique as instalacións necesarias para cada zona. Hai que falar do PXOM, unha das medidas que solicitou e contar cunha partida para posibles indemnizacións a peticionarios de licenzas municipais solicitadas antes da publicación do acordo de suspensión de licenzas derivada da aprobación inicial do PXOM por posibles reclamacións. Non vai a falar da opacidade do documento, se se quixese ser transparente sería visible para todos os veciños un documento coas partidas reais e deixarse de tanta partida de estudos e traballos técnicos. Pódese elaborar un documento que sexa claro, que poida entender calquera veciño, que todos poidan saber onde vai cada céntimo, ese é o obxectivo da transparencia.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que nestes orzamentos para o exercicio 2018 ven algúns puntos positivos que pediron que se inclúsen e outros negativos. A partida orzamentaria para abastecemento de 48.000 euros creen que é escasa, prometeu facer un estudo da rede de abastecemento. Ven positivo que se inclúa un estudo de aproveitamento da piscina municipal. As axudas a deportistas de 8.000 euros tamén as ven escasas. Prometeu facer unha auditoría para a mellora do alcantarillado. Con respecto a limpeza e desbroces gustaríalle saber a que están destinados eses 65.000 euros, inclúe a compra de maquinaria, teñen unha folla de ruta dos quilómetros a desbrozar. O impulso da economía local creen necesario non so dar cartos aos comerciantes para a organización de actividades, tamén dende o concello ter un impulso maior, plans específicos. 20.000 euros para apoio a emprendedores o ven positivo. O arranxo do pavillón do Mesón do Vento os vestiarios tamén están deteriorados, propoñen que se inclúa nun proxecto do POS 2019. Ven positivo que se incrementase a partida de servizos sociais básicos á comunidade. O incremento das axudas para material escolar de 18.000 a 30.000 euros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no ano 2015 o concello de Ordes tiña unha poboación de 12.700 habitantes, no que empeza o goberno do PP en Ordes. No ano 2016 12.600 habitantes, baixouse poboación igual que no ano 2017 12.500 habitantes. Se se fai unha media 100 habitantes menos cada ano. No ano 2018 cando teñamos as cifras baixaremos de 12.500 habitantes. Cando expoñemos isto ao Sr. Alcalde o achaca ao maior número de defuncións que de nacementos. Mirando os datos dispoñibles no IGE o ano 2015 foi o peor ano da historia dende que se teñen datos dende 1975 en que o Concello de Ordes perdeu 65 habitantes en saldo vexetativo, no ano 2016 perdéronse 40 habitantes. Hai un problema gordo. Tamén hai o saldo migratorio, marcha máis xente da que ven, no ano 2016 bateuse o record dende o ano 1990 no que perdemos 84 habitantes. Nun pleno preguntouse ao Alcalde polas medidas e contestou que non. Nestes orzamentos segue a reflectirse o mesmo. Segue se preocuparse por esta situación ao non cotemplarse nos orzamentos medidas para tentar paliar estas demoledoras cifras. No tocante á débeda do concello comezamos o ano 2.018 con tres millóns catrocentos setenta e oito mil euros e remataremos o ano con tres millóns trescentos noventa mil euros, unicamente se ve reducida en noventa e seis mil euros, so se reduce un dous con setenta e cinco por cento. No tocante aos investimentos estamos a falar dun anexo inflado xa que se inclúen partidas que dependen da financiación doutras administracións e das cales aínda non se ten confirmación. Véxase a súa obra faraónica que é o centro sociocomunitario que creen que non é necesario gastar seiscentos mil euros na súa construción, ocupando un solar baleiro para construír outras necesidades, baleirando a ampliación da Casa Consistorial para instalar alí o centrosociocomunitario cun custe menor. O concello so aporta o vinte e cinco por



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

cento para a financiación dos investimentos procedendo a maior parte de fondos da Deputación da Coruña, xestionada polo BNG xunto co PSOE. Deputación da que sae o Alcalde queixándose nos medios nun claro acto partidista cando o certo é que no período 2011-2015 coa xestión do PP a Deputación investiu en Ordes unha media anual dun millón de euro. No que levamos de mandato, sen contar o ano 2015, a Deputación investiu en Ordes un millón seiscientos mil euros. O invita a que rectifique publicamente e recoñeza o grande esforzo que está facendo esta Deputación no Concello de Ordes. A Sra. García Gómez chegou a votar na Deputación a favor dun POS cando o seu partido votaba en contra. No segundo punto falarán das súas propostas e dos seus investimentos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non van a falar de números. Votan de menos que non se contemplan nestes orzamentos partidas destinadas a cubrir necesidades básicas que na súa opinión deberían estar recollidas nestes orzamentos. Como dixo a Sra. Martínez Candal o orzamento debería estar listo a principios de outubro de 2017 para entrar en vigor non mes de xaneiro de 2018, xa estamos no mes de xuño. Votan de menos e dado o potencial de risco que supón para a saúde dos nosos veciños, votan en falta inversións no cambio das tubaxes de abastecemento que na súa maioría están compostas de fibrocemento, material cun alto contido en amianto. En canto a políticas de emprego votan en falta máis inversións en emprego xa que estamos a sufrir unha crise económica importante con perda de postos de traballo no noso concello moi importante nalgúns dos sectores produtivos como é o sector téxtil ou a construción, ou sectores directamente relacionados con estes que ocupan unha boa parte da poboación de Ordes. Mostra disto é a perda da poboación activa como dixo o Sr. Vidal Ríos. Tamén votan en falta partidas destinadas á mellora da taxa de emprego das mulleres, o peche ou EREs de empresas do téxtil deixou no desemprego a mulleres que levaban toda a vida nestas empresas. Tamén votan en falta unha maior implicación e inversión para o mantemento das instalacións escolares. Votan en falta partidas destinadas a gasto social e axudas para os máis desfavorecidos, parécelles totalmente insuficientes sobre todo tendo en conta que hai moitos fogares nos que non entra ningún ingreso. Aprecian un aumento dos impostos directos polo catastrazo, seguen a reivindicar unha nova baixada de impostos. Ven que hai un aumento significativo de gasto de persoal pero non saben se se recolle o pago da antigüidade do persoal laboral. Ven que se propón a compra dunha máquina desbrozadora, solicita que se lle explique que desbroces vai a facer esta máquina e se vai a ser por público ou por privado, se o vai a realizar unha empresa, o goberno antes estaba en contra do privado, se se vai a levar todo público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que auditoría foi un éxito facela, foi unha decisión deste goberno, non dun acordo plenario, xaneiro de 2017. Sabían que había que facela, levaban tempo falando con empresas, non escolleron a máis barata, si a que máis os convencía. Fixo un excelente traballo, un excelente Gis e un mecanismo para que poida traballar a empresa de mantemento, por algo o Colexio de Enxeñeiros Industriais lle acaba de dar un premio. Que se veña a cuestionar o interese do que se fai neste concello o único que fai é deslexitimala unha vez máis como ven sendo habitual cada vez que intervén neste plenario. É certo que hai esas deficiencias, non as ocultan, aí está auditoría. Pero tamén é certo, llo dixeron os técnicos, xa contactamos coa empresa subministradora, houbo concellos aos que lles levou seis ou sete anos regularizar esta situación herdada de máis de trinta. Neste orzamento están incluídos eses fondos que agarda veñan do IDAE para tratar de subsanar esas deficiencias que temos, un trinta por cento. Por moito que quixésemos destinar unha anualidade a resolver toda a problemática no termo municipal sería totalmente inviable por que bloquearíamos o concello. Como fai as contas como lle interesa e convén non analiza o que hai máis alá. Isto o que demostra é o que é unha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

xestión responsable e non vir a contar so o que lle interesa. Levamos dende o ano 2015 traballando na redución do gasto eléctrico, aí están as cifras, é certo que hai farolas a tanto alzado, pero tamén pagamos facturas a tanto alzado. Non todas están exentas de pago. Ten que ser consciente do que está a trasladar aos veciños. Indemnizacións de licenzas pola suspensión derivada da aprobación inicial do PXOM. Cando presentou esta proposta xa lle chamou a atención, a quen hai que indemnizar, achegouse ao concello para ver se hai que facer algunha indemnización. É moi fácil por unha frase nunha proposta de orzamentos, hai algunha cantidade, hai alguén ao que hai que indemnizar. Se houberse alguén no se tería xa dirixido ao concello. A xente afectada pola suspensión de licenzas xa as están a tramitar con arranxo ás Normas Subsidiarias unha vez transcorrido o prazo de suspensión. As partidas de traballos técnicos corresponden a partidas orzamentarias. Houbo que recortar máis de catrocentos mil euros das previsións que tínhamos nos orzamentos por que hai que se serios, cumprir a regra de gasto, a estabilidade orzamentaria. Houbéralles gustado facer cousas nas diferentes parroquias do termo municipal, compromisos coa veciñanza que non poden ir nestes orzamentos. Pero que si que se van a poder executar en función da estabilidade orzamentaria e a execución dos orzamentos. O ano pasado os orzamentos presentáronse o cinco de xuño e se aprobaron no mes de setembro, vostede foi culpable da súa demora. Podían traballar este ano cos orzamentos prorrogados, somos rigorosos e serios, pediuse que presentasen propostas que se recollen. Este orzamento para 2018 vai a permitir incrementar o gasto en máis dun trinta por cento. Nos investimentos están incluídos o POS 2017 pola incompetencia da Deputación de A Coruña que non aprobou este plan de obras ata o verán pasado. Esa é a incompetencia da Deputación. non teñen maioría suficiente para gobernar. Non se puideron contratar as obras o ano pasado. Non lle vote a culpa ao goberno de Ordes de que os investimentos deste orzamento sexan maiores. As peticións do PSOE moitas delas eran razoables, agradece que en todas e cada unha desas partidas puxeran unha cantidade, é importante do que se está falar. Os 65.000 euros para desbroces é con medios alleos, todo o demais van a intentar facelo con medios propios. Hai unha partida de 25.000 euros para a compra de maquinaria. Hai un plan de actuacións, falouse coas empresas que poden facer os traballos, medíronse os quilómetros plano a plano en cada parroquia, que creemos que é suficiente para salvar o traballo este ano. É imposible a día de hoxe pola temporalidade e polos medios humanos e técnicos acometer o desbroce so con medios propios. O anterior goberno o facía todo con medios alleos, estamos a tratar de reconducir esa situación, estamos nun trinta e cinco, corenta por cento con medios propios, a idea é ir incrementando ata conseguir un sesenta, setenta por cento. Un cen por cen de medios propios atendendo á temporalidade é totalmente inviable salvo que se poñan a traballar a cinco tractores ao mesmo tempo, as contas están feitas. Achéguese a ver os cálculos feitos parroquia a parroquia e é imposible. Deixemos de facer demagogia. Está resolta o problema das becas, o importe inicial do ano pasado no foi suficiente para cubrir todas as solicitudes. Houbo que facer unha modificación para atendelas todas no ano 2018. Agarda que este ano cos 30.000 euros sexa suficiente. No proxecto inicial había un importe para reparar a pista do pavillón do Mesón do Vento, a súa demanda tamén foi trasladada dende a comunidade educativa, que tamén demanda unha inversión maior. Concorda en que o POS+ 2019 inclúa un proxecto máis ambicioso para a reparación dos paramentos verticais exteriores, os vestiarios e a cuberta e parte do ximnasio. Poderán seguir a falar de poboación pero nestes últimos seis meses medrou, non sabe por que. É certo que estamos a perder poboación, un concello como o noso Rianxo, que gobernan vostedes, pásalle o mesmo. Sabe que non quere que lle falen dos demais. Dada a pirámide demográfica que temos nos encontramos nesa situación. Hai que por medidas efectivas, si, pero non di ningunha e poña cifras. A débeda, o proxecto de orzamentos é un proxecto. Todos os anos se amortiza máis débeda da que esta incluída inicialmente nos orzamentos municipais. Sempre se acaban destinado fondos propios, por que temos tesourería ao longo do ano, cantidades entre



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

douscentos e trescentos mil euros. Aí o único que esta é a cantidade correspondente aos préstamos bancarios que é a anualidade teórica de amortización. Non trate de levar un mensaxe erróneo aos veciños. A realidade é outra. En so tres anos a débeda de seis millóns de euros está en tres.

Solicita intervir o Sr. Interventor, que sinala que o Anexo da débeda se recolle a amortización no caso de que non variasen os préstamos. A diferenza entre a débeda a 31/12/2017 e 31/12/2018 son cento corenta e oito mil euros. A maiores hai os cento sesenta e cinco mil do préstamo da Deputación Provincial e non se inclúen os catrocentos mil para amortización extraordinaria, que igual non se amortiza todo, pero uns douscentos mil posiblemente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha cousa é o proxecto de orzamentos e outra a execución da débeda. Non pode incluír a cantidade exacta que vai a ter amortizada a 31/12/2018, non a sabe. Hai que analizar as cifras.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aquí se presentou un proxecto de orzamentos. De que están a falar, despois pode amortizar máis. Non sabe o que vai a pasar a final de ano, non é adivino. Hai que analizar o documento que se nos presenta e votásemos en consecuencia. O que reflicte o documento é que este ano a amortización da débeda vai a ser de noventa e seis mil euros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o vinte e cinco por cento de inversión con fondos propios, máis de seiscentos mil euros, nunca se viron nos orzamentos municipais dende o ano 2010. Non se cuestione o esforzo que está a facer o concello para facer máis inversión con fondos propios. Claro que a partida de inversións é elevada, está incluído o POS+ 2017 e 2018 por que a situación que temos é derivada da súa nefasta xestión como copartícipes no goberno da Deputación Provincial. A senda da Brea leva bloqueada tres meses, está cansado de falar co Deputado de obras, de dirixirse á Deputación, e non fan nada e que a resposta sexa ata que saquen o POS Adicional deste ano, que sacaron o outro día e se deixaron polo camiño tres millóns de euros que habían comprometido, que eran de todos os concellos, e que esta semana se viron obrigados a rectificar gracias a unha nota de prensa cunha denuncia que fixo o PP na Deputación. febreiro-marzo 2017, fixeron un Desordes Creativas no que a Deputación se comprometeu a implicarse cunha subvención nominativa importante, presentaron toda a documentación no verán e estamos a xuño de 2018 e non percibimos nin un so euro. Eses cartos os tivo que por o Concello de fondos propios. Esa é a súa xestión e a súa política cultural comprometida cunha organización e con este concello. Quince meses de espera. Non de leccións do que é a xestión e do traballo da Deputación en Ordes nestes últimos tres anos. Parte desas inversións que vende como propias, se a día de hoxe no pavillón Campomaioir hai unha mellora cun ximnasio e gracias ao Presidente saínte que foi quen deixou comprometida esa cantidade, igual que para o concello de Laracha. Non venda o que lle correspondía ao grupo PP dentro das súas subvencións nominativas para repartir na anualidade 2015-2016. Ian a acabar coas subvencións nominativas e os concellos do grupo de goberno repártense o setenta e cinco por cento e os concellos do grupo político do PP o vinte e cinco por cento. O grupo político UxO trae aquí un lote de propostas, non presentaron nin unha soa proposta con anterioridade. O ano pasado intentaron condicionar os orzamentos e presentaron unha rebaixa en bloque de oitocentos mil euros na partida de gastos, para destinar a amortización de débeda. Non había unha soa idea de inversión como a que fixeron hoxe na súa intervención. So pasou un ano ata o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

de agora, que pasou. Hoxe veñen a dar leccións de máis gasto social, de baixar impostos dun catastrazo que vostedes promoveron. É increíble.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que presentaron unha proposta para o arranxo da parte exterior do concello, as escaleiras, o parque municipal da Constitución, máis gasto en servizos sociais e benestar, máis gasto en material escolar, máis gasto en asociacións, a realización dunha enquisa sobre o alcantarillado e no rural. Ordes gasta moito en auga potable e alcantarillado nas parroquias, que despois non enganchan. Hai que informar aos veciños do custe. Non se poden facer inversións e ter so vinte familias conectadas. Nos orzamentos inclúense obras en Alfonso Senra coa financiación da Xunta de Galicia que financia o oitenta por cento, o Concello o vinte por cento. O subministro do pobo se fai por esta rúa. As beirarrúas están mal. É unha inversión moi importante. Hai partidas pequenas pero moi interesantes, por exemplo a reparación das salas do tanatorio. Os orzamentos dos concellos dependen da Xunta e da Deputación, non poden aprobar uns orzamentos en outubro, por que os de Madrid, a Xunta e a Deputación non están. A partida primeira que ven é a que ven do Estado. O POS son cartos dos Concellos, hai unha parte para repartir polo que goberna. Hai que ter coidado ao vender a moto. A Deputación é unha administración local, que forman os concellos, os deputados son concelleiros, hai que repartir, non todo ten que ser para os afíns. Felicita ao interventor polos orzamentos. Podía facer outra cousa, pero moi pouco. Os orzamentos dun concello como Ordes é unha cousa case cerrada. O capítulo dous de gastos non deixa moverse. As inversións reais dependen das aportacións da Deputación. as actuacións en cultura, deportes, emprego dependen das aportacións da Deputación, senón non chega. Están satisfeitos con que a súa proposta estea toda aí. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que o Alcalde nunca vai a apostar por unha transparencia real. Non é capaz de ver que a situación real do alumeadado público do concello é unha auténtica chapuza. Tampouco que recoñecer que esta a actuar de xeito chapuceiro nos abastecementos e saneamentos. Seguirá insistindo nas necesidades reais destes concello que vostede non quere ver. En relación coa retirada do punto anterior da orde do día infórmanlle que esa retirada so é posible cando a aprobación dun asunto esixa unha maioría especial e ésta non poida obterse no momento previsto inicialmente na orde do día segundo o art. 91.3 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o que di a Sra. Martínez Candal é correcto, pero ten que aplicar en primeiro lugar o que di o Regulamento Orgánico Municipal que si que contempla que con carácter xeral o Alcalde pode retirar un punto da orde do día. O artigo 38 do Regulamento Orgánico Municipal, Debate e votación dos asuntos, sinala que sinala que o Alcalde poderá retirar algún asunto de oficio. Non se limita así esta retirada a asuntos sometidas aprobación por unha maioría especial.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se manteñen na liña da intervención anterior. Agradecen ao Alcalde que inclúese parte das súas propostas nos orzamentos. Algunhas partidas seguen a parecerlles escasas. Absteranse na votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o Alcalde falou das subvencións nominativas da Deputación da Coruña. O seu importe supoñía un vinte por cento co goberno do Sr. Diego Calvo e actualmente dende o 2017 reduciuse a un dous coma sete por cento. Máis criterio equitativo que é redución das subvencións nominativas non creo que o haxa. No tocante á poboación esta a diminuír, que agora crecemos, ao final do ano farase a conta e veremos en canto queda. A tendencia é á baixa. Pide medidas, vostede é quen goberna, nos presentáramosllas á veciñanza na campaña electoral. O que lle preocupa é que vostede non teña ningunha medida. Algunhas as teñen presentado neste pleno e vostedes as teñen rexeitado. Facilitar o aluguer á veciñanza mediante a suba do IBI a vivendas desocupadas. O porcentaxe de investimentos con fondos propios se debe a que vostede tan pronto entrou no goberno solicitou que o Catastro aplicase o catastrazo e polo que a xente tivo que pagar sesenta euros para regularizar os seus bens, e agora se sube o capítulo de impostos directos a través deses catro anos de atrasos que lle van a vir á xente. Se se dispoñen de máis fondos é normal que se incrementen os investimentos, pero é a base de saquear á xente. A senda da Brea que di que esta paralizada, pero si non é pola Deputación a día de hoxe non estaríamos a falar dela, é quen a financia, tamén financia a que baixa da prolongación da rúa dos Lagartos ata o Ceidón. Vostede é incapaz de presionar ao Ministerio de Fomento para que faga unha senda peonil pola N-550 e o que propón é pagar integramente dende o concello esa senda. En canto ao Desordes Creativos pregunta canto pagaba o PP, sabe o problema administrativo que hai con esa partida, acabará chegando esa subvención, non se poñan nerviosos. Os erros recoñécense, vai a chegar, houbo un problema cos técnicos. O gráfico é claro, fagan as contas, inversións do PP 2011-2015, unha media dun millón de euros, co BNG-PSOE inversión da Deputación no Concello de Ordes cada ano un millón seiscientos mil euros. Seiscientos mil euros que dispón Ordes cada ano para obras.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta onde están ese un millón seiscientos mil euros de cada unha das anualidades.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que este é un resumo. Fagan as contas, están aquí as táboas, se o poden desmentir fágano, fastidialles. Seguramente agora empece a protestar contra o Ministerio agora que xa non está o PP.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pide ao Sr. Vidal Ríos que ao longo da vindeira semana lle aclare eses datos, que llos explique. Vai a demostrarlle que esta hoxe a mentir aquí.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que llos traia vostede e demostre que minte. Dende o BNG solicitaron o incremento da partida para axudas para material escolar e unha bolsa para deportistas destacados. O ano pasado esta partida era de dezaioito mil euros, neste ano se consignan trinta mil euros. Na bolsa para deportistas pásase de seis mil a oito mil euros, os cales lle parecen insuficientes e que cheguen para cubrir as solicitudes. Unha vez máis piden a posta en marcha do viveiro de empresas, limítanse a por unha partida de vinte mil euros o que demostra que se toman completamente a cachondeo a proposta e non lles preocupa a falta de oportunidades que temos neste concello. Por cartos neste concello nun caixón ou outro fai visible as prioridades que ten o goberno municipal. Tamén propuxeron a substitución do pavimento na pista do pavillón Castealo e o acondicionamento na zona inferior das gradas para o seu aproveitamento. A substitución do pavimento do pavillón Campomaioir para solucionar e de raíz o problema coa instalación dun chan elevado e como cámara interior e deixarse de escusas baratas fronte a unha obra mal proxectada e mal executada. Tamén pediron a instalación de iluminación led no pavillón Campomaioir. Instalación dunha cuberta de panel sandwich e mellora dos vestiarios no pavillón do Mesón do Vento. Tampouco se recolle unha partida



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

orzamentaria para mercar os terreos previstos para a ampliación da estación depuradora prevista no PXOM. Pediron o fondos para a dotación de ramplas accesibles nos pasos de peóns da Vila que carecen das mesmas. Adecuación da pavimentación e dotación dun sistema de alumado nos leira-parkings que existen na vila. Tampouco ollan fondos para a dotación dun parque autóctono que propuxeron no polígono e que aceptou este pleno. Tampouco para a dotación de máis desfibriladores automáticos nas instalacións do noso concello. En 2017 propuxeron facer as xestións necesarias para cobrar pola taxa por utilización e aproveitamento do dominio público local ás empresas eléctricas, non consta que fixera nada. Instaron en maio de 2017 para que levase as actuacións precisas para cobrar o IBI correspondente á concesionaria da explotación da autoestrada AP-9 e non se fixo nada. Con estas medidas teríamos fondos suficientes para levar a cabo estas peticións. Se se cobrasen os atrasos correspondentes poderíamos liquidar a débeda do concello dun plumazo. En base ao exposto e que as actuacións que propuxeron non se recollen na súa totalidade é polo que os orzamentos recibiran o voto en contra do BNG.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político PP, que sinala que o Alcalde ten que estar tranquilo, ten a maioría suficiente para aprobar os orzamentos e non atacar desta forma a este grupo político. O noso compañeiro o Sr. Iglesias Vieites non formaba parte da corporación cando emendamos os orzamentos, creíamos que as cantidades que se incluían en estudos e traballos técnicos se destinasen a amortizar débeda. Creen agora ese diñeiro se debe destinar a cambiar a rede de abastecemento por que esta feita de amianto, non ven ningún diñeiro nos orzamentos para estas obras. Gustaríalles ter becas de transporte, aumentar as bolsas de deportistas, facer novas infraestruturas como é no pavillón do Mesón do Vento e pavillón Castealo. Dixo antes unha mentira, sabe que o catastrazo non é cousa dos concellos, é do goberno central que obriga a aplicalo, quen asinou a carta ao marchar nos foi vostede. agora vemos que os que non entendemos moito de orzamentos, aínda que levamos moito tempo aquí, por que había outras persoas que o levaban, poñenme este papel que di impostos directos e resulta que cada ano pagamos máis. Os indirectos o mesmo. Deixémonos de demagogia. Piden baixada de impostos, unha ORA gratuíta para todos para dar un impulso ao pequeno comercio. Cada día estamos a perder poboación, os pequenos negocios pechan, hai menos postos de traballo. Hai que darlle un xiro e volver a ser o que foi Ordes como cabeceira de comarca. Nos orzamentos vamos a votar en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o procedemento de regularización da ponencia de valores catastrais foi feita co goberno do Sr. Regos Boquete, non o pode negar. Foi o que supuxo que a base liquidable se incrementase máis dun cincuenta por cento. A débeda no ano 2012 se aproximaba aos nove millóns de euros.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que a débeda da que lle fala é da que existía cando vostede chegou á Alcaldía. Deixaron na caixa un millón cen mil euros e cinco millóns coma seis euros de débeda. É agora estamos en tres millóns, temos máis débeda que o ano pasado. Xa sabemos por que.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vota en falta que vostedes non foran tan valentes para todas estas cousas que propoñen agora para incluílas nas emendas aos orzamentos do ano pasado. Esas emendas as prepararon para que se aprobasen uns orzamentos como vostedes querían. Se se tivesen aprobado como vostedes querían e non me tivese oposto a elas hoxe o Concello estaría bloqueado. E o sabe, gustaríalle que o recoñecese. Era o que buscaba, non máis inversión, non beneficiar aos veciños, nin maior gasto social, nin unha ORA gratuíta, nin unha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

maior baixa de impostos, so bloquear o concello de Ordes, que gobernábamos en minoría con cinco concelleiros de dezasete. Esa era a intención que tiña nese momento, non era outra. Claro que houbo que asinar o papel da regularización, como todos os concellos. Se vostede houbera seguido tería que telo feito exactamente igual, por que senón nolo ían aplicar de oficio. Era mellor incluírse nunha regularización programada. É certo que agora veñen douscentos mil euros máis no capítulo un pero están destinados a facer obras das que se van a beneficiar os veciños. É unha pena que un compromiso que había cunha entidade local que promove un festival tan importante como é o Desordes Creativas estea esperando a día de hoxe a que se lle ingrese ao Concello os cartos que tivo que adiantar. Isto non é de recibo, fágallo saber aos seus compañeiros. Non pode volver a suceder este ano por que senón nos temos que replantexar o Desordes Creativas, non é necesario, nin bo. Sabe que case nos obriga a incumprir a regra de gasto, aínda así o salvamos privándonos de facer outras cousas en mente. Fala dun millón seiscentos mil euros de media anual, non é certo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que para a semana llo leva, quede tranquilo, é certo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en ningún momento a Deputación da Coruña pon a disposición do Concello un millón seiscentos mil euros de media nos anos 2016 e 2018.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a Deputación gasta un millón seiscentos mil euros en Ordes, cando o PP gastaba un millón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é o que dixo antes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que si, entendan o que queiran entender e darlle as voltas que queiran. A realidade é esa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os orzamentos son os que presentan, agradece a todos os que fixeron aportacións. Tratarán unha vez que se aproben de aplicalos da maneira máis rigorosa e eficiente ao longo deste 2018.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (6 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sete votos e contra (3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG e Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o Presuposto Municipal para o exercicio de 2.015, cuxa contía quedou fixada, tanto en **GASTOS** como en **INGRESOS** na cantidade de **EUROS DEZ MILLÓNS CENTO UN MIL CENTO OITENTA E TRES CON CERO OITO** (10.101.183,08 €), asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Sendo as 21:21 horas polo Sr. Alcalde faise un receso de cinco minutos.

Sendo as 21:26 horas reanudase a sesión.

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CRÉDITO EXTRAORDINARIO – SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1PCESC/2018

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos 1PCESC/2018.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que vai a votar a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que vai a votar a favor. Todas as inversións son necesarias, hai outras que faría antes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que como dixeron noutros plenos non lles gustan as modificacións de crédito. Isto é para investir o superávit. Votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a facer unha análise dos proxectos que se inclúen neste expediente. O proxecto de abastecemento en rúa Galicia é unha proposta que levan feito dende o BNG para o POS. Preocúpalles que no figura no proxecto unha partida para a retirada das tubaxes de fibrocemento con amianto, agarda que non sexa para que queden soterradas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que quedarán soterradas, como en calquera outro proxecto, ten o informe do técnico.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lle parece preocupante, é como si un veciño colle unhas uralitas e as enterra nunha leira.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en todas as obras que se fixeron en anos anteriores e incluso a que se fixo o ano pasado ía da mesma maneira, se explica na páxina de xestión de residuos. Unicamente van a xestiona onde fan o entronque, toda a outra rede tendo en conta o custe económico que supón e que a outra rede ten unha complexidade maior no caso de quere facer a retirada e dar abastecemento onde xa esta operativo non o fai nada viable e complicaría a execución da obra dende o punto de vista da execución técnica e formal. A normativa non obriga a retirada das tubaxes antigas. O técnico tamén informa que en ningún caso esta comprobado que esa rede teña amianto, é probable que si. Ao non haber unha manipulación da tubería pode quedar aí.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lle parece moi chapuceiro que os tubos queden enterrados. Non sabe se é legal ou non. O proxecto do local social da rúa é unha débeda do concello coa parroquia, os veciños cando se fixo a rolda leste cederon as masas comúns desa zona para facilitar a execución do vial. O proxecto da senda peonil na N-550, creen que o Ministerio de Fomento debería financiar polo menos parte do custe das obras. Entenden que tal é como está formulado é unha auténtica chapuza e un perigo, sobre o todo o tramo no que se coloca unha senda peonil entre a N-550 e a vía de servizo, despois enfronte ao Bar Orense volve a acontecer o mesmo e sobre todo colocar un paso de peóns nunha entrada a unha vía de servizo que vai cara a gasoleira na que entran os coches á velocidade á que entran. Van a executar este proxecto desta maneira, debe reformularse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é un proxecto aprobado polo Ministerio que pediu que se fixese así. Mandouse a separata por onde ía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a autorización do Ministerio de Fomentos nas condicións particulares di que hai que afastar a senda peonil cara o exterior, colocala fora da vía de servizo, non entre, senón non se pode facer. Hai que reformular este proxecto. Ten que colocar a senda po fora e acercar a vía de servizo cara a nacional. Os fondos chegan para o que chegan, igual hai que facer un tramo de menor distancia. Hai que facer as cousas ben. De cara á seguridade viaria é así.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os técnicos de Fomento viñeron ao terreo a informar a senda. Falaran cos técnicos para aclarar esta parte.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non poden votar un proxecto con esta inseguridade xurídica. Habería que retirar este punto, estudar ben a solución e traer despois un proxecto que se poida executar. Con respecto á humanización do cemiterio do Piñeiro consideran que é máis prioritario a dotación dun aseo e incluso mellorar o ornato exterior que ofrece a pe de rúa. Con respecto ao parque infantil na praza da Feira o cuberto que se formula, moi estético non é, hai solucións máis estéticas e funcionais. Cando se plantexa facer unha obra hai que recorrer a técnicos cualificados, a quen se está a recorrer non é a mellor das cabezas pensantes para que o concello deixe esa imaxe de feísmo que ten. Esta cuberta debería facerse algo máis estético, que chamase máis a atención, aínda que fose en varias fases. Pide que o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

pensen, retirar este punto, redactar uns proxectos para facer algo que realmente sirva para o futuro e non facer este pobo máis feo do que é en algunhas zonas. A primeira fase sería facer un cuberto decente e unha segunda fase o ano que ven completar con xogos.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que son obras necesarias, que poden mellorar a calidade de vida dos veciños, polo tanto van a votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o tipo de cuberta foi analizado. A cuberta con lonas foi desaconsellada pola ubicación a carón do río pola durabilidade. Hai que ser prácticos, cree que o policarbonato con cores pode encaixar ben. Vai a xogarse cos cores dos pilares da estrutura, so se cubren 270 m2 de toda a superficie do parque. O feito de que agora se faga esta cuberta non impide que aproveitando a zona perimetral se poida facer un cuberto que se pode ir a cen ou douscentos mil euros. Facer a cuberta nunha primeira fase e esperar polos xogos non o consideran axeitado. O que demanda a veciñanza é que se faga algo para estar recollidos. Optaron por unha solución sinxela, facilmente desmontable e aproveitable en calquera lugar. Co tempo, con máis cartos farán unha cuberta que harmonice todo o Campo da Feira. Claro que o cemiteiro do Piñeiro cos anos que ten ten moitas necesidades, a día de hoxe é prioritario facer as pluviais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o cinceiro vai a estar cheo de auga igual, por que filtra, non e culpa das pluviais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o feito de poñerlle o bordillo ás zonas axardinadas vai a darlle outro aspecto. Unicamente se vai actuar en canto ás pluviais e os pasillos, e a porta principal que ten moita falta de ser cambiada. Aclarase cos técnicos de Fomento a senda peonil, se o hai que corrixir mirarán como facelo, non queren facer unha zona insegura.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que parece que non vai a retirar o punto, vai a continuar coa súa tramitación. Están de acordo que hai que eses cartos, o proxecto da senda peonil ten esa inseguridade, co proxecto da cuberta non concordan, hai solucións máis estéticas. Van a absterse para facilitar a súa tramitación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a modificación de créditos a van a facer, comprométese a analizar ese proxecto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito 1PCESC/2018, do orzamento municipal 2.018, de acordo co seguinte detalle:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Partida de gasto	Descrición	Créditos antes da modificación prorrogado	Créditos antes da modificación proxecto orzamentos	Crédito extraordinario/suplemento	Créditos finais prorrogado	Créditos finais proxecto orzamentos
1532.609.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	58.330,80	62.336,45	189.322,88	247.653,68	251.659,33
161.633.00	Abastecemento domiciliario de auga potable. Outros investimentos en maquinaria, instalacións técnicas e apeiros	0		127.640,21	127.640,21	127.640,21
171.609.00	Parques e xardíns. Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	6.555,69	63.580,73	190.723,72	197.279,41	254.304,45
333.632.00	Equipamentos culturais e museos. Edificios e outras construcións.	0	13.979,98	86.306,54	86.306,54	100.286,52
933.632.00	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións	0	0,00	61.475,90	61.475,90	61.475,90
				655.469,25	720.355,74	795.366,41

Orzamento de ingresos

Partida de ingresos	Descrición	Previsións antes da modificación	Financiamento	Previsións finais
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	75.399,38	655.469,25	720.355,74
	TOTALS	75.399,38	655.469,25	720.355,74



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

PUNTO SEXTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, BONIFICIACIÓNS COTA ICIO OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Expedientes de bonificacións cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **ELENA VÁZQUEZ BERMUDEZ**, con DNI nº 76363381T, solicitude de data 16/05/2018, rexistro de entrada nº 2564, de obras de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: construción de establo e fosa de xurro, en Lg. Castenda, Parada, Ordes (**Expdte. 93/2.018 – 2.018/U022/000012**).
- **MARCOS ORTEGA QUINTANA**, con DNI nº 45908622R, solicitude de data 23/04/2018, rexistro de entrada nº 2166, de obras de reforma e ampliación do volume de 5 naves existentes (**2.804,42 m2**) para destinalas a actividade gandeira (vacún de carne): cebo de xatos, fosa de xurro circular (**91,00 m2**) e construción de estercoleiro [(**742,50 m2**) (**2.598,75 m3**)], en Lg. Valiño, Parada, Ordes (**Expdte. 173/2.017 – 2.017/U022/000018**).

PUNTO SÉTIMO: CESIÓN A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., DAS CANALIZACIÓNS SUBTERRÁNEAS PARA A INSTALACIÓN DE CONDUTORES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

ELÉCTRICOS DE MEDIA E BAIXA TENSIÓN, EXECUTADAS POLO CONCELLO DE ORDES EN RÚA REVERENCIA ESQUINA RÚA DO RECREO, ORDES

Expediente tramitado a instancia de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, con CIF nº A63222533, con enderezo a efectos de notificacións en Avda. de Arteixo, 171, A Coruña, de cesión en propiedade das canalizacións subterráneas para a instalación de condutores eléctricos de media e baixa tensión, executadas polo Concello de Ordes en Rúa Reverencia esquina Rúa do Recreo, Ordes.

Visto o disposto no art. 39.3 da Lei 4/2013, de 26 de decembro e no R.D. 1955/2000, de 1 de decembro.

Visto que Unión Fenosa Distribución é a xestora única da rede de distribución en ditas rúas e por tanto entidade titular de todas as instalacións de distribución, así como responsable de garantir a calidade do subministro de enerxía eléctrica en dito ámbito segundo a lexislación sectorial aplicable.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que en vindeiras datas vai a propor crear unha ordenanza para este tipo de cousas. Ten que haber un ordenamento para este tipo de canalizacións e unha forma de facelo.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que como traballador da empresa afectada, neste punto se vai abster.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están a favor de que se aproveita esa canalización que ten aí o Concello. Teñen serias dúbidas de que en base á Lei do sector eléctrico que cando as redes de distribución alimentan a máis dun usuario deban ser cedidas á empresa distribuidora, que iso se poida considerar unha rede de distribución, por que iso é unha canalización na que eu hoxe en día non podo darlle subministro a ninguén. Converterase nunha rede de distribución no momento en que eu estenda uns cables por aí, que ao final é a parte importante da rede de distribución. Tampouco ven claro que o Concello teña que ceder gratuitamente a Unión Fenosa sen ningún tipo de contraprestación. Non sabe si hai un acordo para soterrar o poste pagado ao edificio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estamos a falar dos 51m da marxe esquerda, facer a urbanización e retirar o poste correspóndelle ao promotor da obra, que así o ten aprobado para poder obter a licenza de primeira ocupación. Non dubida para nada de que Unión Fenosa Distribución propoña un modelo de cesión que non sexa completamente legal.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que plantexan esta dúbida por que foi unha actuación plantexada e executada polo concello. Fenosa vai a verse beneficiada pola explotación desa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

canalización. A retribución que vai a percibir o ano que ven vai a ser un activo máis que vai a contar, vai a ver mellorada a súa retribución. Entende que o Concello para nada quere esa canalización aí, pouco máis que para meter unha liña de alumado público.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), coas abstencións (3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Cesión en propiedade, gratuíta e libre de cargas, a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.**, con CIF nº A63222533, das canalizacións subterráneas (51 m de canalización e dúas arquetas con tubos de polipropileno roxo de 160 mm de diámetro e verde de 110 mm para comunicacións) para a instalación de condutores eléctricos de media e baixa tensión, executadas polo Concello de Ordes en Rúa Reverencia esquina Rúa do Recreo, Ordes.

PUNTO OITAVO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 20 de abril de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO NOVENO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O Teatro Real de Madrid celebra este ano o seu duocentésimo aniversario. No marco das celebracións de este aniversario, e o vixésimo da súa reapertura no 1996, o Teatro Real comezou fai uns anos un programa para acercar a ópera aos cidadáns e romper algunhas das barreiras tradicionais no acceso a esta forma de arte. Así, poideronse ver algunhas das súas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

producións a través de retransmisións a nivel nacional en institucións e centros culturais e artísticos de toda España, ademais de en pantallas situadas en prazas, rúas e demais lugares públicos.

O 30 de xuño do ano pasado, o Teatro Real puxo en escea unha das óperas máis representadas en todos os escenarios do mundo: Madama Butterfly, con dirección musical do mestre Marco Armiliato e dirección artística de Mario Gas. (Case 120.000 persoas viron a ópera de Puccini nos máis de 250 puntos de emisión en toda España: museos, auditorios, teatros, prazas, xardíns, prazas, centros culturais, prazas de toros, cine clubs, e outros espazos habilitados para a retransmisión da ópera. Outros 800.000 espectadores seguiron a retransmisión a través de plataformas dixitais en aberto.

Este ano, a obra elixida para a súa emisión o 1 de xullo é Lucía di Lammermoor, a obra maestra de Gaetano Donizzeti, baseada en unha novela do gran autor escocés Sir Walter Scott. Coñecida informalmente como "La Lucía", foi a última obra representada na primeira temporada do Teatro Real e cerrará tamén a temporada de este duooentésimo aniversario.

Estreada en 1835 en Nápoles, alcanzou fama tan pronto que apareceu mencionada incluso en dúas das grandes novelas do século XIX, Madame Bovary de Flaubert e Anna Karenina de Tolstoi. A trama xira en torno a unha xove namorada, Lucía, que cae na máis profunda desesperación ao verse acusada polo seu amante de traición por haberse casado, contra a súa vontade, con outro home. Máis aló do seu intrínseco valor musical, a obra constitúe un extraordinario retrato psicolóxico dos seus personaxes. Con fragmentos tan coñecidos como o sexteto "Chi mi frena in tal momento", a escea de loucura "Il dolce suono..." ou a conmovedora "Bell'alma innamorata", la Lucía de Donizzeti é unha das óperas máis coñecidas e representadas e, quizais, a que mellor representa o perfecto melodrama romántico tan típico do século XIX.

O Teatro Real facilitará o sinal, de xeito gratuíto, aos municipios que así o soliciten a partir do día 4 de xuño. Os Municipios interesados so deben proveer de pantalla e o lugar adecuado para a instalación da mesma ou un centro cultural ou similar no que facer a retransmisión. Esta será en alta definición e poderá recibirse por satélite e internet. O Teatro Real facilitará todo o apoio técnico necesario para a retransmisión.

Trátase de unha oportunidade excepcional para acercar esta produción -e outras no futuro- aos veciños do noso municipio e participar nun dos grandes acontecementos culturais de este ano a nivel nacional.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Concello da Ordes levará a cabo as xestións necesarias para sumarse a esta iniciativa e poñer os medios necesarios para que os veciños de Ordes poidan desfrutar en directo da retransmisión de Lucía di Lammermoor o vindeiro 1 de xullo".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de nove votos en contra (6 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), oito votos a favor (3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, rexeitouse a urxencia, non procedendo o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que rexeitan a urxencia da moción e dáselle a oportunidade de convertela nun rogo. Isto non é unha moción, non é de ámbito competencial do Pleno decidir si se fai ou non esa retransmisión, é do ámbito da Concellería de Cultura. O día 22 de maio a FEMP pónse en contacto con este concello a través dun correo electrónico, informando desta retransmisión. O concelleiro de cultura se pon en contacto cos técnicos de cultura, para ver se este concello ten os medios suficientes para esta retransmisión. Cando se di que hai os medios o Concello rexístrase na páxina do Teatro Real e vai a retransmitirse, sendo publicitada a data no seu momento. Revise a data por que non é o 1 de xullo e o 7 de xullo a retransmisión.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Recentemente fíxose pública unha declaración institucional dos concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía na que entre outros, ínstase á Consellaría de Economía, Emprego e Industria “a que reforme o Plan Eólico de Galicia e que declare aos Concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso territorio libre de parques eólicos, e elimine a franxa eólica que abrangue aos ditos concellos dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia”.

Desde o BNG de Ordes compartimos a petición, dado que no noso concello polas características de dispersión da poboación que ten, pola saturación de redes de transporte de enerxía no seu territorio, polo peso do sector primario no concello e por atoparse xa enormemente afectado medioambientalmente pola Central Térmica de Meirama e polo complexo de SOGAMA; resulta inviable albergar un parque eólico.

Mais de cara a completar esa petición, consideramos que se debera procurar que na modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia, se incrementasen as distancias ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable; fixadas na actualidade en 500 metros. Este razoamento basease en que antigamente os aeroxeradores que se instalaban cando se aprobou a lexislación en vigor, eran dunha potencia de entono a 660 KW, mentres que na actualidade estanse proxectando parques eólicos con aeroxeradores de 3,465 MW de potencia; cunha altura de torre e un impacto moito maior, polo que é fácil comprender que se deberan revisar e incrementar considerablemente as distancias esixidas.

Por outra banda, aínda carecemos de instrumentos que garantan a protección da nosa paisaxe, como por exemplo pode ser a contorna da capela do Socorro, na parroquia de Vilamaior. Aínda que ben é certo que o P.X.O.M establecerá sobre o mesmo unha protección, debe terse en conta que mentres non se acade a súa aprobación definitiva, é un instrumento que carece por completo de validez polo que non quedaría garantida a súa protección nun caso como pode ser a instalación dun parque eólico na zona.

De cara a conseguir un nivel mínimo de protección namentres non se acade a aprobación definitiva do P.X.O.M de Ordes, creemos preciso que se inclúa a contorna da capela do Socorro no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte, acordo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

1.- O pleno da corporación municipal insta á Consellaría de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan Eólico de Galicia nos termos reflectidos na declaración institucional realizada polos concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía; procurando ademais un incremento considerable das distancias dos aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable.

2.- O pleno da corporación municipal insta ao alcalde do concello de Ordes a levar a cabo os trámites precisos para incluír a contorna da capela do Socorro, parroquia de Vilamaior, no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

3.- Dar traslado do presente acordo ao Parlamento Galego e á Xunta de Galicia: Consellería de Presidencia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consellería de Medio Rural, e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que vai a votar a favor os tres puntos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que seguindo a liña do punto da orde do día da Declaración Institucional, no primeiro punto van absterse, no segundo punto gustaríalle saber as consecuencias para os veciños que teñen fincas a carón da capela, se se inclúe no Catálogo de Paisaxes de Galicia que ten bastantes restricións en canto a plantacións e usos da contorna. No terceiro punto absteranse tamén.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político BNG, que sinala que van a votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle preocupa seriamente a zona de protección da Lei de Patrimonio Natural. Arredor da capela existe unha protección arquitectónica, hai unha zona de fraga que hai que conservar. Ese radio que pode chegar a un quilómetro arredor condicionaría a moitos veciños. Pídelle que o deixe sobre a mesa en canto ao punto segundo e se fale cos veciños para informar das consecuencias de todo isto, para que todos os afectados saiban o que vai a pasar aquí. De inicio non se atreven a votar a favor desta moción. Parécelle bastante arriscado levar esa protección a todo ese contorno. Unha vez que o fagan aquí terían que ir á Bouciña, Capela de San Pedro, Cestaños. Moitas delas teñen un entorno arredor de oito, nove mil metros. Se hai que ten unha zona de protección de un quilómetro, falamos de moitas hectáreas de fincas que non poden ter un aproveitamento forestal óptimo, o que lle preocuparía. Por que se preocupa dende o punto de vista dos eólicos que a implantación do veieto xere unha zona de protección de douscentos a cincocentos metros en función dos fluxos de aire arredor,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

tamén lle preocupa esta segunda parte. Tal e como está plantexada esta moción no pode atopar o seu voto favorable, senón máis ben o voto en contra. Se tivese a seguridade de que a zona de protección se restrinxise á zona da carballeira entón si, a experiencia non di iso. É moi arriscado, non o ven lóxico neste momento. Se estamos a unha co plan eólico. De antemán iniciar un procedemento que pode condicionar centos de hectáreas, cando a protección arquitectónica co PXOM é máis que suficiente parécelles moi arriscado.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que calquera delimitación ten os seus pros e contras. Cos eólicos é distinto porque xeran problemas nas vivendas, unha carballeira non os xera. Esta a equiparar dous casos que non son. Hai que mollarse, sabemos que conleva unha protección, pero é susceptible esa zona de ter unha protección paisaxística. Para eles si. Nos informes que chegaron do PXOM o que lle están a esixir nun deles é que lle delimiten no Concello zonas de protección paisaxística. Cales se van a propor. Entenden que a Capela do Socorro é unha das que hai que propor. Esta alarmando ao afirmar que vai a conlevar unha protección da contorna de un quilómetro. É excesivo, non cree que chegue a tanto. Se consulta o Catálogo de Paisaxes de Galicia verá que unhas zonas propoñen unha zona de protección pola súa envergadura e outras menos. A Capela do Socorro non son as Fragas do Eume para poñerlle un quilómetro. Terá menos contorna de protección por que tamén ten menos importancia. Aínda así creen que é unha das zonas que se debe delimitar como un solo rústico de protección paisaxística. Hai máis zonas no concello, unha delas entenden que debe ser esta, e sobre todo o propoñen neste momento por que entenden que é unha medida que pode contribuír a evitar a implantación por exemplo de parques eólicos. Dende o Concello o Alcalde ten competencias en materia de urbanismo que pode executar. As de urbanismo son as maiores das competencias que ten o alcalde. Un dos instrumentos que pode utilizar para intentar protexer aquela zona é esta. Non sabe se van a estar de acordo ou non. Gustaríalles que isto saíse adiante. Noutros concello en que dende o BNG se pediu un incremento das distancias aos núcleos de poboación dos eólicos acadouse por acordos unánimes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que isto é moi complicado. En principio estamos en contra do plan eólico. Esta moción tiña que ir a unha comisión informativa para estudar cos técnicos o que hai que facer. Non sabe cales son os pros e os contras. Despois votamos cando queira. Así van a votar en contra. É razoable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que esta moción foi presentada o vinte e un de maio, estamos a un de xuño, houbo tempo para estudar, analizar.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que foi enviada tarde aos concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o cuño de rexistro esta aquí, non ten culpa de cando se envía. Foi presentada con tempo, moito máis tempo co que se presentan outras. Tempo para incluíla nunha comisión para ser incluída despois na orde do día. Pregunta se se vai a votar por puntos, a moción non vai a retirarse, como moito o punto segundo pode quedar sobre a mesa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o punto segundo estudarase nas comisións do PXOM que se celebrarán se todo vai ben no mes de xullo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), tres votos en contra (Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), coa abstención (1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Instar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan Eólico de Galicia nos termos reflectidos na declaración institucional realizada polos concellos de Ordes, Oroso, Frades e Mesía; procurando ademais un incremento considerable das distancias dos aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Parlamento Galego e á Xunta de Galicia: Consellería de Presidencia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consellería de Medio Rural, e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

PUNTO DÉCIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrito, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- Nos días que fai moita calor as persoas que teñen que esperar dentro das instalacións da piscina climatizada Iván Raña sofren as altas temperaturas, na súa maioría pais e nais que agardan polos seus fillos, ...etc.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que sexan colocados 2 bancos na parte exterior da entrada ás instalacións para que a xente poida esperar á sombra e cunhas temperaturas máis frescas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha petición lóxica, se atenderá á maior brevidade



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

- Na actualidade existe un aparcamento reservado para autobuses na rúa Entreparques. A única ruta de acceso válida para que os autobuses estacionen alí é subindo pola rúa Parque Municipal e xirando logo á dereita. Pois ben ese xiro é moi complicado porque o espazo entre as beirarrúas actuais é moi reducido.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que desmonten a parte de beirarrúa que sexa necesaria para facilitar as manobras ou, polo menos, poñan nesa zona uns bordos rebaixados xa que os actuais son moi altos e cortan as rodas dos vehículos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a previsión é facer unha reforma de entreparques e intentar corrixir esa situación.

- Na Sobreira, Santa Cruz de Montaos, hai un camiño que vai dende a N-550 paralelo á farmacia. Dito camiño estreitase nun punto a causa dun hórreo de 3 corpos o cal dificulta moito o tráfico nesa zona. Despois de falar co veciño dono do hórreo este dou o seu consentimento para derruír un dos corpos da construción coa única condición de asegurar a estabilidade do resto do hórreo e refacerlle o muro de peche da finca despois de ceder ó concello os metros cadrados necesarios para a nova aliñación do camiño.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que proceda a ordenar a execución das obras anteriormente mencionadas en canto haxa dispoñibilidade orzamentaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que falar co veciño. Se fai dispoñibilidade e fai a cesión do terreo, tratarán de executar a obra.

- Hai unha rúa que non ten nome que une en diagonal a rúa Mestre Alfonso Lesta e a rúa Mirón. No enlace desta rúa coa rúa Mirón o pavimento está bastante deteriorado, aproximadamente 25 metros.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que este treito de rúa en mal estado sexa acondicionado de maneira similar ó resto da mesma, está pavimentado en formigón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que intentarán que ao longo do verán poda quedar resolto.

- Para indicar a ubicación do campo de fútbol de Santa Cruz de Montaos existe actualmente unha sinal no cruce da pista que arranca dende a N-550 en dirección a Queis. Dita sinalización é insuficiente de tal maneira que moitos equipos pasan de longo do campo.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que sexa colocada unha sinal máis no seguinte cruce onde hai que xirar á esquerda para acceder por detrás do cemiterio ata o campo de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

fútbol e outra no seguinte cruce que vai xa directo ao campo de fútbol baixando hacia Queis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que queda pendente para a temporada que ven.

Intervén o Sr. Gómez Candal, concelleiro non adscrito, que formula o rogo que se transcribe a continuación.

- No Campo da Feira do Mesón do Vento hai dous bancos que necesitan ser arranxados, enfronte á Igrexa, por que están moi estropeados.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que adopte as medidas oportunas para a súa reparación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se manda á brigada a velos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrito, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- Veciños de Esmorís observan que dende que comezou a chover a Fonte de Esmorís trae moi pouco caudal en comparación con outros anos, e sinalan que a veces cae auga por unha tubaxe mais abaixo onda as casas e outras veces non sae, é por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao señor Alcalde:

Que se proceda a comprobar que a Fonte non ten ningún tipo de obstáculo que dificulte a saída da auga polo seu cauce natural, e si o tivese que fose subsanado.

Que se comprobe porque a veces a tubaxe que amoso na foto ten caudal e outras non, e de donde procede por si estivera a ser o problema da fonte, xa que se descoñece a problemática.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pediralle á brigada de obras que pase a comprobalo por si hai algunha deficiencia no lugar.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- No noso país, as corporacións locais son competentes na xestión de residuos. A lei atribúe aos municipios a obrigaón de recoller, transportar e, polo menos, eliminar.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 32

En Ordes temos unha recollida de residuos tanto urbana como nas parroquias con diferentes horarios.

Na zona urbana de Ordes segundo os horarios e recorridos dos camións poden entorpecer a mobilidade.

Na Rúa do Mercado encontrámonos con unha recollida do lixo sobre as 20 horas que fai que moitos vehículos a motor teñan que estar detrás do camiión durante minutos.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que se cambie o horario de recollida de residuos urbanos na rúa do Mercado e outras para un horario nocturno que non dificulte o tráfico rodado.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se comentará coa empresa de recollido de residuos e verase a viabilidade que pode ter este cambio.

- Nos mobiliarios urbanos unhas cores enerxéticas espertan a nosa atención, optimismo e vitalidade, outras transmiten serenidade e relax.

O que sí está claro, e así se percibe, é que a Rúa Múndito é fría e escura e cun mobiliario vello e deteriorado, unhas xardineiras tamén vellas, ademais duns bancos cas súas madeiras ennegrecidas.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se cambien ou arranxen as xardineiras e se pinten de diferentes cores así como os bancos alí existentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen pedido uns presupostos. Tratarán que se poida facer ao longo do ano.

- O auxe que está tendo o Camiño Inglés de peregrinación a Santiago de Compostela constátano en todos os lugares polos que discorre o trazado. Hai máis peregrinos que ata no último Ano Santo, o 2010, e a tendencia é á alza.

O seu paso contribúe de forma significativa na economía dos lugares polos que transitan, xa que son moitos os que optan por pernoctar en hostais e os almorzos, comidas e ceas case sempre as fan en establecementos de hostalería da zona.

O Concello de Ordes é o que máis quilómetros de percorrido ten e os peregrinos que queren pernoctar ou comer en Ordes poden achegarse desde A Calle de Poulo ou desde a rotonda da intersección de Rolda Leste coa estrada autonómica AC-524.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se sinalice adecuadamente o centro urbano de Ordes, ben desde A Calle de Poulo cara a Ordes e desde Ordes cara o Camiño Inglés ao seu paso pola Calle de Poulo como tamén desde a Rotonda da AC-524 ao centro urbano de Ordes e viceversa cara o Camiño Inglés ao seu paso pola rotonda antes indicada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que intentouse, estase a espera de resposta, están a poñernos moitas complicacións coa cartelería por patrimonio e estradas. Analizarán isto, se os permisos son viables tratarán de adecualo da mellor maneira posible.

- No lugar de A Grela, coordenadas 43°3'27'' N, 8°26'28'' O, existen unha serie de actuacións que sería necesario levar a cabo:

Como xa foi traído a este pleno fai meses, un rogo sobre un tellado en mal estado sobre un camiño de paso provocando unha situación perigosa, incluso con caída de tellas como se observa nas fotos.

Unha porta que leva tirada na cuneta máis de un ano.

A pista que vai desde A Grela a Guindiboo estase cubrindo de maleza, estando xa as cunetas todas cubertas, unha pista pola que transitan bastantes coches.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Tomar as accións necesarias para subsanar a situación de risco que provoca o tellado en mal estado sobre a pista.

Retirar a porta tirada na cuneta.

Desbrozar a pista que está tupida de maleza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toman nota, volveran a insistirlle á propiedade polo tellado.

- En Novembro do ano pasado inaugurouse unha placa conmemorativa en A Grela para honrala memoria da nosa filla predilecta Isabel Zandal. Pasaron seis meses e como se aprecia nas fotos a placa está bastante deteriorada.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Tomar as accións necesarias para retirar a construción sobre a que se aloxa a placa (cónstanos que é un pozo de auga anulado desde fai moitos anos e un minilavadeiro sen



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 34

uso) e instalar unha placa conmemorativa duradeira, por exemplo, placa de pedra sobre monolito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o tema da praca xa o coñecían, a empresa que a subministrou ten que reparala, darlle un verniz. A segunda parte hai que estudala, conleva un custe, non se pode facer de maneira inmediata. Tómase en consideración e se os veciños están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- Estanse achegando as datas dos exames fin de curso e de selectividade, polo que o estudantado adoita facer horas extras para acadar o mellor resultado académico posible.

Varias persoas puxéronse en contacto co grupo municipal do BNG, trasladando a súa inqueda na procura dunha ampliación do horario de funcionamento da biblioteca municipal.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda a unha ampliación do horario habitual de funcionamento da biblioteca municipal durante os meses de maio e xuño.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que xa esta atendido. Tamén viñeron grupos de estudantes ao Concello o primeiro 21 de abril e con posterioridade algúns máis.

- Varias persoas propietarias de parcelas que se atopan ao paso do Camiño Inglés, puxéronse en contacto con este grupo municipal dado que recibiran notificacións do Concello ao respecto das distancias que se debían respectar das plantacións ao viario.

Lembramos que o Camiño Inglés é un patrimonio protexido, e que é moi probable que a corta de arborado, especialmente no caso de Carballos con idades considerables, estea prohibida e mesmo sancionada.

Ante a inseguridade e as dúbidas que ten ao respecto a veciñanza, instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se traslade desde o Concello unha información axeitada á veciñanza no caso das parcelas que se atopan ao paso do Camiño Inglés, para evitar cortas que non proceden e que mesmo poden constituír un delito obxecto de sanción.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as comunicacións son as mesmas que en Vilamaior, a que marca a normativa, é o modelo tipo. En ningún caso poden proceder á corta sen a autorización preceptiva. A ninguén se lle esta a dicir que ten que cortar incumprindo a normativa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que as parcelas que están a carón do Camiño Inglés non son parcelas tipo tampouco, é unha casuística diferente ao resto das outras. Cree que se debería facer unha charla no concello informando desa casuística no caso do Camiño. Hai xente que cortou en zonas do Camiño que pode traer consecuencias. Deberíase informar mellor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Distrito vai a facer reunións ao longo deste mes para técnicos e concelleiros. Aquí tamén se vai a facer a reunión para a veciñanza. Todos os veciños que pasan polo concello sabe que teñen que ir ao Distrito para obter a autorización. Agora que saíu a instrución a competencia do Concello é nos cincuenta metros arredor das vivendas. É o Distrito o que se vai a encargar das faixas de protección.

- Vimos de aprobar no presente ano, unha modificación da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; onde no artigo 34.5 da mesma se recolle que “No caso de estacionamento en liña, as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida serán de 5,00 x 2,20 m, debendo dispor dun espazo de aproximación e de transferencia posterior de lonxitude 1,50 m de ancho igual ao da praza”

Recentemente executáronse na Rúa Nova as actuacións correspondentes ao pintado e delimitación das prazas de estacionamento, entre as cales se atopa unha praza de estacionamento reservada para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, na cal non se aplicaron os criterios reflectidos na ordenanza.

É polo que instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe de cales foron os motivos para non dar cumprimento ao exposto na citada ordenanza.

A que as prazas reservadas para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida existentes se adapten para dar cumprimento ás esixencias que figuran ao respecto na citada ordenanza, e que ditos criterios sexan respectados en futuras actuacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na data en que se fixo o proxecto e a policía local fixo o informe aínda non estaba vixente a nova redacción, non xustifica que tivese sido correcto por metro e medio, pero non era aplicable. O mesmo aconteceu nas rúas que se remodelaron no mes de febreiro e marzo. De un marxe de tempo para a súa aplicación, ass que se fagan novas xa irán de acordo á nova normativa.

- O pasado 18 de maio tivo lugar a presentación oficial do Depor Campus en Ordes. Aínda que se tratou dun acto da mancomunidade de Ordes, resulta curioso que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

unicamente se avisase do mesmo determinados/-as concelleiros/-as da corporación municipal na vez de avisar á totalidade dos seus membros.

Mesmo pode ollarse como na propia nota de prensa, se fai especial énfase e detalle na asistencia ao acto dos mesmos, o cal pode comprobarse na hemeroteca que non é unha práctica nada habitual noutras ocasións.

É polo que instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe de si o seu goberno municipal conta con novos integrantes e cales son os seus cargos e funcións.

A que cando se produza un acto institucional deste tipo, como pode ser a recepción de deportistas destacados/-as do noso Concello, se emita o correspondente aviso e convite aos membros da corporación municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non procede, está fora de lugar. Nese momento esas persoas estaban no concello, non lle ía dicir que non veñan, tampouco estaba a concelleira de deportes que estaba traballando. Tamén entrou un compañeiro do partido. Non saque conclusións máis aló. Non lle podía pedir que non se puxesen na foto. O xornalista fixo o que considerou oportuno. Cando sexa un acto de relevancia invitarase a todo o mundo. Se vostede estivese fora tamén o tería invitado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tamén o teñen invitado outras entidades para acudir e por respecto institucional non acude senón o invitan. Non lle diga que para a recepción de deportistas non ten tempo para avisar á corporación dun día para outro, o teñen avisado con dous días de antelación. Roga que na medida do posible os avisen. Se é unha recepción institucional tamén poderán estar presentes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- Na aldea de Vilaverde, na zona marcada na ortofoto, a auga en lugar de discorrer pola cuneta faino pola pista tal e como pode comprobarse na fotografía adxunta, o que está a provocar un deterioro do firme da pista.

Por todo iso instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se proceda ó desbroce e limpeza das cunetas nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coñecen esta situación que se da todos os anos. Cando se fai o desbroce desa zona despois se lle mete a pala para ampliar o regato.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos que se transcriben a continuación.

- A pista da parcelaria que vai dende Talleres Cano ata a fraga de Ardemil atópase en malas condicións nalgúns tramos, así no lo fixeron saber algúns usuarios que circulan por esta vía.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se revise e se arranxe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración, mandarase mirar.

- Hai un tubo roto á altura da fonte de Castrelos (Leira) que da malos olores, segundo nos informa un dos veciños.

Por tanto, rogamos e solicitamos o señor Alcalde:

Que se trate de encontrar unha solución a este problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é algo recorrente, sempre se avisa a Espina y Delfín, xa pasaron a comprobalo unha vez visto o rogo

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que é un tubo que está roto por que cando se fixo o acondicionamento da estrada rompeuse, esta algo tapado por maleza. Despois indícalles a situación.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta que se transcribe a continuación.

- Nas beirarrúas da Avda. Alfonso Senra, especialmente no tramo situado entre a rúa de Galicia e a rúa Casabella, leváronse a cabo por parte do Concello de Ordes diversas actuacións de parcheado do pavimento das mesmas, consistindo no biselado dos cantos das baldosas para suavizar os desniveis existentes, nun fracasado intento de evitar tropezáns dos peóns que transitan polas mesmas.

Cunha simple ollada ás fotografías que acompañan á presente pregunta, é fácil entender que ditas actuacións soamente poden recibir a cualificación de chapuza.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA Nº 38

Por todo iso preguntamos ao alcalde ao seguinte:

¿Realmente considera axeitadas e de recibo as citadas actuacións?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o fixo a brigada. Son sete baldosas en oitocentos metros liñais de beirarrúas.

Intervén o Sr. Vidal Rios, que sinala que están moi próximas unhas das outras e nunha zona, tres de elas do lado da nacional onde esta o Día e as outras do lado contrario. É unha auténtica chapuza, isto non ten xustificación de ningún tipo. Levanten estes terrazos, nivelen un pouco.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é certo que están mellor do que estaban, non é a maneira correcta de actuar. Ata que vostede fixo esta pregunta non se tivera fixado. A carón destas se puxeron baldosas novas. Non lle deron a orde para actuar neses casos. É importante que consigamos os fondos do plan Urbe e facer a actuación completa.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e tres horas e dez minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO